

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 26 de febreiro de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 26/02/2025
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 26/02/2025
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Memoria para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- V. Regulamento de Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- VI. Regulamento de Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- VII. Memoria económica do ano 2024
- VIII. Orzamento para o ano 2025
- IX. Novos procedementos de calidade:
 - a. AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais
 - b. DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección
 - c. DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas
 - d. MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2024 e extraordinaria celebrada o 2 de decembro de 2024.**

Os borradores das actas achegáronse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2025/2026.

A Directora sinala que a novidade da bolsa de horas para este curso é que non hai que detraer da bolsa as horas de recoñecemento correspondentes ás persoas coordinadoras dos graos xa que se asignan automaticamente a cada persoa, fóra da bolsa.

Aclara que un dos criterios para a asignación da bolsa aos centros son as actividades de divulgación, sendo a EEME o centro que máis actividades de divulgación fai na UVIGO.

A continuación indica que, para a asignación de horas, se deberían aprobar primeiro as persoas coordinadoras para o curso académico 2025/2026 pero que, como non se incluíu o punto na orde do día, queda pendente para a próxima sesión. Aclara que a proposta é a continuidade das persoas que asumiron responsabilidades de coordinación no curso anterior.

A bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2025/2026 é de 249 horas. A Directora amosa e comenta a proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro que se recolle na seguinte táboa:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Actividade relacionada co recoñecemento
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Apoio coordinación grao EE
Iria Feijoó Vázquez	PPL	10	Apoio coordinación grao ERME
Iria Feijoó Vázquez	PPL	10	Coordinación curso
Raquel Pérez Orozco	AD	10	Coordinación curso
Fernando García Bastante	TU	10	Coordinación curso
Jesús Vence Fernández	AD	10	Coordinación curso
Ana Rodríguez Rodríguez	CU	10	Coordinación curso
María Araújo Fernández	TU	10	Organización docente
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Programa Intercambio
Joaquín Martínez Sánchez	TU	10	Coordinación TIC
Guillermo García Lomba	TU	25	Coordinación calidade
Ana Rodríguez Rodríguez	CU	10	Coordinación actividades extracurriculares
Eduardo Liz Marzán	CU	10	Enlace Seguimento Persoas Egresadas
José Santiago Pozo Antonio	TU	15	Actividades Divulgación
Teresa Rivas Brea	TU	15	Actividades Divulgación
Elena Alonso Prieto	TU	15	Actividades Divulgación
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Actividades Divulgación
Beatriz Guitián Saco	CD	10	Actividades Divulgación
María Araújo Fernández	TU	7	Actividades Divulgación
Iria Feijoó Vázquez	PPL	7	Actividades Divulgación
David Patiño Vilas	CU	7	Actividades Divulgación
Raquel Pérez Orozco	AD	4	Actividades Divulgación
Javier Taboada Castro	CU	10	Coordinador Prácticas Externas
Raquel Pérez Orozco	AD	4	Enlace de galeguización
TOTAL		249	

A Directora sinala que esta distribución de horas é posible debido á renuncia a todas ou parte das horas de recoñecemento das seguintes persoas con responsabilidades no centro:

Renuncian	Categoría		Actividade
Benito Vázquez Dorrió	CU	0	Apoio a Captación de Estudantes
Moisés Cordeiro Costas	AD	0	Apoio a Captación de Estudantes
José Bienvenido Díez Ferrer	CU	0	Apoio a Captación de Estudantes

Marta Cabeza Simó	TU	0	Apoio a programas de prácticas
Generosa Fernández Manín	TU	0	Enlace de Igualdade
Raquel Pérez Orozco	AD	0	Apoio a Captación de Estudantes

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro e agradece ás persoas que asumen responsabilidades no centro e ás persoas que, aínda que desenvolven estas responsabilidades, renuncian ás horas de recoñecemento correspondentes.

4. Aprobación, se procede, da Memoria para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, quen sinala que a proposta de modificación (Anexo IV) xa foi consensuada polas tres universidades que participan nesta titulación de carácter interuniversitario (UDC, USC e UVIGO). A memoria modificada foi aprobada pola Comisión Académica Interuniversitaria do Mestrado (CAIM) con data 10 de febreiro de 2025.

A modificación consiste na eliminación do criterio de admisión á titulación referido á necesidade de certificación dun nivel de inglés B1, ou equivalente, para á admisión de novo estudantado, criterio recollido no apartado 3.1 da memoria de verificación inicial.

A Xunta de Escola aproba a memoria por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do Regulamento de Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, quen sinala que o regulamento (Anexo V) foi elaborado pola comisión de Prácticas Externas e TFM do MUXSA de acordo coas normativas das tres institucións que participan nesta titulación de carácter interuniversitario (UDC, USC e UVIGO). Ademais, foi aprobado pola CAIM con data 10 de febreiro de 2026, e xa conta co visto bo da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.

A Xunta de Escola aproba o regulamento por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, quen sinala que o regulamento (Anexo VI) foi elaborado pola comisión de Prácticas Externas e TFM do MUXSA de acordo coas normativas das tres institucións que participan nesta titulación de carácter interuniversitario (UDC, USC e UVIGO). Ademais, foi aprobado pola CAIM con data 10 de febreiro de 2026, e xa conta co visto bo da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.

A Xunta de Escola aproba o regulamento por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2024.

A Presidenta sinala que a memoria económica (Anexo VII) se achegou previamente aos membros da Xunta de Escola e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, quen a comenta brevemente e sinala os principais cambios efectuados sobre o orzamento inicial.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento.

A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2024. Agradece tamén a Carmen Romo o seu traballo na execución do orzamento anual do centro.

8. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2025.

A Directora indica que o orzamento do ano 2025 é igual ao do último ano; amosa o documento (Anexo VIII) e salienta os principais apartados do orzamento.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento.

A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do mesmo.

9. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais, DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección, DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas e MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.

A Directora sinala que o SGIC é un sistema dinámico e os procedementos se van actualizando e simplificando cada certo tempo a proposta da Área de Calidade. Cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen lembra que os documentos foron achegados con antelación aos membros da Xunta de Escola (Anexo IX) e aclara que son o resultado dunha revisión e adaptación ao centro e que xa foron validados pola Comisión de Calidade o 18/12/2024. Finalmente, salienta os principais aspectos dos diferentes procedementos.

A Xunta de Escola aproba os novos procedementos por asentimento.

10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

11. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 47 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 26/02/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 26 de febreiro de 2025.

A reunión terá lugar na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2024 e extraordinaria celebrada o 2 de decembro de 2024.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2025/2026.
- 4) Aprobación, se procede, da memoria para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 5) Aprobación, se procede, do Regulamento de Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 6) Aprobación, se procede, do Regulamento de Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 7) Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2024.
- 8) Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2025.
- 9) Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: *AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais, DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección, DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas e MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.*
- 10) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 11) Rogos e preguntas.

Vigo, 19 de febreiro de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-58e1-ec14-a694-b6e3-cec9-814c-416e-54a7

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 19/02/2025 13:48 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 26/02/2025

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 26/02/2025

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Andrés Herguedas, Laura
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Díaz Fernández, Belén
7. Díez Ferrer, José Bienvenido
8. García Bastante, Fernando
9. García Lomba, Guillermo
10. Giráldez Pérez, Eduardo
11. González Rodríguez, Elena
12. Guitián Saco, M^a Beatriz
13. Patiño Vilas, David
14. Pazo Rodríguez, María
15. Pérez Orozco, Raquel
16. Pérez Pérez, M^a Carmen
17. Rivas Brea, Teresa
18. Rodríguez Rodríguez, Ana María
19. Taboada Castro, Javier
20. Vázquez Dorrión, José Benito
21. Vijande López, Javier

Alumnado

—

Persoal de Administración e Servizos

22. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Alejano Monge, Leandro
- Domínguez Santiago, Ángeles
- Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
- Goicoechea Castaño, María Iciar
- Pozo Antonio, José Santiago

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Memoria para a modificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga

ANEXO V

Regulamento de Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga

ANEXO VI

Regulamento de Prácticas Externas do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga

ANEXO VII

Memoria económica do ano 2024

ANEXO VIII

Orzamento para o ano 2025

ANEXO IX

Novos procedementos de calidade:

- a. AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais*
- b. DE-03 Revisión do Sistema pola Dirección*
- c. DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas*
- d. MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.*